




A ESCRIBIDORA

NA CASA DAS ÁRBORES

Isabell Seidel + Anxo Moure

M^a Esther Prieto Prieto

A Escribidoira chegou en Xaneiro, mentres mamá Elvira preparaba caldo de nabizas no vello caldeiro. Escribía soños e historias encantadas, coas pernas na pola dun salgueiro pousadas.

Unha tarde con tristura ollou bosques queimados, ríos enfermos e seres humanos coa alma enferruxada, aos que aquela dor da terra xa nada importaba.

A Escribidoira co vento falou e o "señor asubiador" polo mencer as cartas coma paxaros ceibou.

Aquela especie de chorar foi caendo entre a xente que cogumelos e castañas andaba a colleitar. Entre os ourizos, ao pé dos castiñeiros daquela serra, topaban cartas de tristura que ceibaban a dor da terra. Cando as cartas poñíanse a ler, con forma de bágoas, ríos na pel, un sentimento dentro delas e deles estaba a nacer. Mulleres e homes, nenas e nenos sementando esperanzas, plantando soños, regando a tenrura que nacera na vella oliveira, axiña foran quen de noqueiras, sobreiras, aciñeiras... as árbores do monte aprender a querer e a natureza empezar a defender.

Despois de ler a lectura contesta as seguintes preguntas:

1. Quen chegou?

2. Cando chegou?

3. Como se chama a mamá?

4. Como estaba a alma dos seres humanos?

5. Con quen falou a Escribidoira para axudar á terra?

6. Que ceibou o señor asubiador?

7. Onde atoparon as cartas?

8. Que lle pasou aos humanos despois de ler as cartas da Escribidoira?